

*O Conselleiro de Sanidade*

# CERTIFICA

que o centro hospitalario

**Concheiro Centro Médico Cirúrxico**

está acreditado ata o 15 de decembro de 2027

*ao abeiro do Decreto 52/2001, do 22 de  
febreiro, polo que se regula a  
acreditación dos centros hospitalarios da  
Comunidade Autónoma de Galicia*

Julio García Comesaña

Santiago de Compostela, 18 de decembro de 2023

CONSELLERÍA  
DE SANIDADE

XUNTA  
DE GALICIA





## RESOLUCIÓN DE ACREDITACIÓN HOSPITALARIA

### ANTECEDENTES

- 1.- O 13.12.2023 reúnese a Comisión de Acreditación Hospitalaria para valorar, entre outros, o informe técnico emitido polo equipo auditor respecto á visita da auditoría levada a cabo ao centro sanitario Concheiro Centro Médico Cirúrxico de Vigo, Pontevedra.
- 2.- A Comisión de Acreditación Hospitalaria propón a acreditación do dito centro por un período de catro anos.

### CONSIDERACIÓNS LEGAIS

- 1.- O Decreto 52/2001, do 22 de febreiro, que regula a acreditación dos centros hospitalarios da Comunidade Autónoma de Galicia, determina que á Comisión de Acreditación Hospitalaria lle corresponde elaborar unha proposta de resolución dirixida á secretaria xeral técnica da Consellería de Sanidade.
- 2.- A Secretaría Xeral Técnica é a competente para coñecer e decidir sobre a cuestión presentada de conformidade co establecido no artigo 2º.3 do antedito decreto.

De acordo co anterior, RESOLVO:

- 1.- Acreditar por un período de catro anos ao seguinte centro hospitalario:

Denominación: Concheiro Centro Médico Cirúrxico  
Enderezo: Avda. De Madrid nº 4, 36204 Vigo.  
Titular: Raconsa.L.  
Caducidade da acreditación: 15.12.2027

- 2.- Realizar a correspondente anotación de oficio no Rexistro de Centros, Servizos e Establecementos Sanitarios.





O centro terá en conta as recomendacións sinaladas polo equipo auditor no seu informe de auditoría. As ditas recomendacións serán obxecto de avaliación na próxima auditoría.

A renovación da acreditación solicitarase cunha antelación mínima de tres meses á súa data límite de vixencia.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer un recurso de alzada ante o conselleiro de Sanidade. O prazo para interpoñer este recurso é dun mes que comezará a contar dende o día seguinte ao da recepción desta resolución. Todo isto segundo o disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236, do 02.10.2015).

Mediante este documento notifícaselle esta resolución ao director xerente do centro hospitalario Concheiro Centro Médico Cirúrxico, de acordo co establecido no artigo 40 da sobredita lei 39/2015.

Santiago de Compostela  
A secretaria xeral técnica  
Natalia Lobato Mosquera